


[PORTADA](#) | [GALIZA](#) | [HISTORIA RECENTE](#)

O I CONGRESO DA AELG

As reivindicacións dos escritores no 1981

Afonso Eiré. Rematamos o recordo ao I Congreso de Escritores, celebrado en Poio no 1981, falando das conclusións do encontro, valentes e ambiciosas. Algunhas cumpríronse, outras seguen á espera do refrendo unánime dos literatos.

13.05.2011 | 09:22

TAGS: CONGRESO DE ESCRITORES, LITERATURA,



Desde a esquerda, Afonso Pexegueiro, Xosé Vázquez Pintor, Bernardino Graña, Salvador García-Bodaño e Manuel María. Arquivo ANT

Ao rematar o I Congreso de Escritores en Lingua Galega, alguén escribiría que, se se cumprisen as conclusións ás que chegaron naqueles tres días de maio no mosteiro de Poio, "aqueles 200 benditos", como afirmaría Francisco Carballo, estarían aseguradas as "mil primaveras máis para a lingua galega".

Xulguen vostedes, logo de ler as conclusións, se se cumpriron, se se avanzou nalgúns eidos ou se aínda son un soño inalcanzábel e cal é o grao de culpa dos propios escritores.

Estas son:

"Este congreso rexeita todo recorte na liberdade de expresión".

"Esíxelles aos medios de comunicación estatais, radio e televisión, que nos seus programas utilicen a lingua galega. Que todos os medios de comunicación non reduzan a un gueto as seccións de cultura e literatura galega, poñendo á fronte a un especialista nesta materia".

"Reivindicación do acceso do escritor galego aos medios de comunicación".

"Maior participación do escritor".

"Posta en marcha dunha terceira canle da TV e dunha cuarta emisión de Radio Nacional de España en Galiza, exclusivamente en galego".

"A creación dunha Facultade de Ciencias da Información na universidade galega e ao servizo da lingua e cultura da nosa comunidade nacional".

"A concesión inmediata das emisoras de FM xa solicitadas a aqueles que se comprometeron a emitir exclusivamente en galego"

"Que o escritor se negue a que as súas declaracións ou obras sexan traducidas en calquera medio de comunicación ao castelán". (Nos anos seguintes, só transcendeu que Francisco Carballo e Bernardino Graña levaran á práctica este acordo.)

"A resolución común de non publicar nos medios de comunicación traballos cando non se reciba unha remuneración digna".

"A creación dunha sociedade de autores galegos, a través da cal se cobrarán os dereitos dos autores".

"Reivindicación da presenza de autores de teatro na TV".

"Escola galega e en galego a todos os niveis".

"Que se corrixa os erros e os enfoques sobre a literatura galega no ensino".

"Derrogación do Decreto do Bilingüismo".

"Uso do galego na Administración".

"Proposta dunha xornada lingüística sobre a normativización do idioma, cunha base de acordo dos dez puntos que presentou Vitor Vaqueiro na súa exposición".

"Centralización da relación económica do autor co editor por unha canle unitaria xestionada a través da Asociación de Escritores".

"Elaboración dun estudo sobre irregularidades e arbitrariedades no trato aos autores por parte dos editores e medios de comunicación".

"Propiciar ao máximo o contacto coa literatura nas áreas de expresión luso-brasileiras".

"Sacar unha revista bimensual".

Sen dúbida unha resolucións valentes, sobre todo para unha asociación que tiña tan só un ano de vida. Xa que fora creada nunha xuntanza celebrada o 3 de maio de 1980 en Compostela na que participaron Alfredo Conde, Paco Martín, Xosé Manuel Martínez Oca, Xosé Luís Méndez Ferrín, Afonso Pexegueiro, Manuel Rivas e Xoán Ignacio Taibo".